

DE TAL PALO, TAL ASTILLA / Avelino Lorenzo, Xoán Pablo e Santiago

O legado de un colleiteiro de caste

Os irmáns Lorenzo Fariña colleron o testigo da adega e as prantacións autóctonas que o seu pai, Avelino Lorenzo Giráldez, creou e mimou en Berán



Autor: Xosé Manoel Rodríguez

Fecha de publicación: 6/7/2008

Dicir Avelino Lorenzo Giráldez no Ribeiro é falar de toda unha institución na que se xuntan recoñecementos, parabéns e admiración. Este guerrilleiro vitivinícola das terras de Berán foi un adiantado ao seu tempo e un colleiteiro dotado dunha especial sensibilidade para aprender dos novos e das propostas que tentaban espallar pola comarca os técnicos de Extensión Agraria e os expertos en agricultura e enoloxía. Co tempo, falamos dun xa lonxano 1985, foi recoñecido como «agricultor sobresainde en actividades agrarias» -na Feira de Silleda- e como «personaxe distinguido do viño galego» (2002) pola asociación de sumilleres galegos Gallaecia.

Mais este colleiteiro xubilado que vive por e para a viña, cavilando nela e nos proxectos que se poden desenvolver, non responde ao esquema tradicional do viticultor ribeirao. Avelino Lorenzo foi «cando se facían daqueles cursos a distancia de radiotécnico, dos primeiros que o fixo e adicábame a montar aparatos de radio. Depois metinme no comercio, por iniciativa dun parente que tiña una empresa de sulfatos e doutras cousas» e ata chegou a facer os pedidos para a mesma estando na mili en Zaragoza -«un que estaba na oficina facíame as cartas, como se estivese en Berán, e eu mandáballas á empresa a Madrid: 'Remítame 2.000 kilos de sulfato por autotren a la estación de Ribadavia', e os outros ían recollelo»-. E así enganouse ao mundo do viño: foi un dos fundadores da Cooperativa de Leiro, logo vocal do Consello Regulador do Ribeiro e dende os primeiros oitenta sacou ao mercado os seus viños de autor.

«Pensaron que toleara»

Recoñece o colleiteiro que o mundo do viño e coma unha enfermidade «e contáxiase o entusiasmo e a satisfacción que che dá crear o teu propio viño: a min dábame máis diñeiro a tenda ou montar un daqueles aparatos de radio» e como o seu contacto co Consello e Extensión Agraria lle cambiou a vida: montou un campo de ensaio con máis de trinta variedades de vinífera -«e aparecíanme na finca xentes da Universidade de Santiago que sabían del e viñan facer traballos de investigación»-, cortou as cepas para reestructurar o viñedo e prantar castes autóctonas -«daquela pensaron que toleara e que non había nada que facer conmigo. Mais había algún que era máis tolo ca min e animábame»-, montou un comité de cata, mudou o marco de prantación e conseguiu, como recoñecía no 2002 Gallaecia «levar a viticultura a escala humana ás máis altas cotas de dignidade».

Recoller o legado de toda unha institución non é cousa fácil, máis os irmáns Lorenzo Fariña «falámolo entre nós e acordamos seguir adiante co proxecto», como sinala Santiago. Na actualidade a firma Herdeiros de Avelino Lorenzo ten no mercado dúas marcas: Casal do Eirado (branco) e Vello Luciano (tinto) e fixéronse cargo do viñedo familiar.

Singular «I+D+i»

Iso si, Avelino Lorenzo reservou para el, á hora de partir, o campo de ensaio e unha viña e rehabilitou unha vella adega «e alí é onde temos o I+D+i e experimenta facendo tostado e novas elaboracións», como sinala Xoán Pablo Lorenzo Fariña. Para este o «Ribeiro é o Ribeiro de Avia» e cre que había que ser máis arriscados á hora de relanzar a denominación «e non dar axudas para reestructurar fincas de 1.000 metros». Os irmáns Lorenzo Fariña barallan proxectos para crear novos viños, tostado e outras elaboracións na liña do patriarca.

Dicir Avelino Lorenzo Giráldez no Ribeiro é falar de toda unha institución na que se xuntan recoñecementos, parabéns e admiración. Este guerrilleiro vitivinícola das terras de Berán foi un adiantado ao seu tempo e un colleiteiro dotado dunha especial sensibilidade para aprender dos novos e das propostas que tentaban espallar pola comarca os técnicos de Extensión Agraria e os expertos en agricultura e enoloxía. Co tempo, falamos dun xa lonxano 1985, foi recoñecido como «agricultor sobresainde en actividades agrarias» -na Feira de Silleda- e como «personaxe distinguido do viño galego» (2002) pola asociación de sumilleres galegos Gallaecia.

Mais este colleiteiro xubilado que vive por e para a viña, cavilando nela e nos proxectos que se poden desenvolver, non responde ao esquema tradicional do viticultor ribeirao. Avelino Lorenzo foi «cando se facían aqueles cursos a distancia de radiotécnico, dos primeiros que o fixo e adicábame a montar aparatos de radio. Depois metinme no comercio, por iniciativa dun parente que tiña una empresa de sulfatos e doutras cousas» e ata chegou a facer os pedidos para a mesma estando na mili en Zaragoza -«un que estaba na oficina facíame as cartas, como se estivese en Berán, e eu mandáballas á empresa a Madrid: 'Remítame 2.000 kilos de sulfato por autotren a la estación de Ribadavia', e os outros ían recollelo»-. E así enganouse ao mundo do viño: foi un dos fundadores da Cooperativa de Leiro, logo vocal do Consello Regulador do Ribeiro e dende os primeiros oitenta sacou ao mercado os seus viños de autor.